

Premios Xerais -ano 2003-

discurso previo

XULIO CUNS LOUSA*

Dignísimas Autoridades; organizadores de este evento; membros do xurado, concursantes e demais xentes que estades eiquí, non por obrigación, deber ou compromiso, senón por asistir a algo que vos gusta, que vos interesa; por satisfacer a vosa curiosidade e colaborar da mellor maneira no desenvolvemento da cultura. Xa que, de producirse, elaborarse, escribirse, se non hai quen a vexa, quen a lea... nunha palabra, quen a asimile, non vale para nada.

Hoxe é un día grande para Betanzos: EDICIÓN XERAIS DE GALICIA inventou este sistema de presentar os seus premios, cada ano, nun lugar distinto. Hoxe tocoulle a Betanzos. Expresamos o noso agradecemento e recoñecemento a tan grande dignidade.

Pero, ¿quen é Betanzos para merecelo?

Pois... Betanzos, na súa modestia, é unha das sete cidades galegas que foron capitais de provincia e que, cada ano, unha delas realiza a Ofrenda e Voto ó Santísimo, en Lugo, polo Corpus.

Pero non imos ir por ese camiño. Eu pretendo romper coa realidade histórica, con todo aquilo que se pode ler en calquera libro que trate desa materia.

Coido que o que estamos a celebrar eiquí é a concesión duns premios literarios, que aínda non sabemos a quen corresponden, pero que sí sairon da imaxinación ardente dos seus autores.

Deste xeito solidarízome con eles, felicitándoos anticipadamente e desexándolles grandes éxitos na república das letras.

Pero eu... simplemente

Eivos de contar un conto,
un conto de mil mentiras;
eivos de contar un conto,
un conto tódolos días:

* Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudos relativos á Historia de Betanzos, e tamén de relatos curtos e obras teatrais... É secretario e membro do Comité Científico do Anuario Brigantino.

Cando o REI BRIGO casou con DONA MARIÑA DE BRIGANCIA, na Catedral de Braga, capital, naquel tempo, da provincia romana de GALLECIA, unha vez celebrada a voda, viaxaron cara ó Norte e chegaron a un lugar idílico, onde dous ríos xuntaban as súas augas, en matrimonio fluvial e, unha vez fusionados seguían a súa andaina cara ó mar.

Ó contemplar aquilo díxolle Brigo á súa compañeira dona Mariña, que el oira un conto que contaban os máis vellos do lugar, de que no Oriente, aló onde nacía o sol dous ríos que se chamaban Éufrates e Tigris, logo de percorrer longas terras e varios países, xuntábanse coma estes, preto do lugar onde logo se perdían no mar. Tamén dicían que o espacio que quedaba entre os dous ríos, chamábase Edén, ou Paraiso e que Deus o escolleu para plantar alí ó primeiro home e á primeira muller. Dixo el:

-Isto tamén é moi bonito. ¿Por qué non quedamos eiquí?. Edificarei naquel curuto un pazo.

E así naceu esta cidade.

Unha vez que se achegaron ó curuto, comprobaron que alí estaban os restos dun castro. O Rei Brigo coidou que aquel era o lugar idóneo para instalar a súa Corte. E así foi:

Onde estivera o castro puxo o seu solio: hoxe Casa Consistorial. Os nobres de máis importancia e avoengo daquel reino, foron facendo os seus pazos arredor do do Rei. Algúns deles consérvanse hoxe: Bendaña, Lanzós e a Casa Grande dos de Maza. Tamén se conserva a Torre Municipal, chamada do Reloxo, a que no seu cume ten unha campá que se oe en todo o pobo e nos seus arredores...

Pero volvamos un pouco ó comezo deste conto: O matrimonio tivo un fillo ó que lle chamaron Betanzos, quen, sendo aínda un rapaz fundou un pobo ó que nominou coma el. O pouco tempo desapareceron, tanto el como a cidade, tras dun incendio. Hoxe cando se alude a ela, chámase Betanzos o Vello, mais, ninguén sabe exactamente onde estaba.

* * *

Pero imos voltar ós seus fundadores:

Dona Mariña de Brigancia tiña moita afección ás alfaias ou xoias, pero non ás personais, senón a aquelas que, aínda sendo dela, podían serviren de gozo e disfrute tamén para os demais.

Así foi que, cando Fernán Pérez de Andrade, O BO, quixo facer una igrexa adicada a Santa María, ela influíu no seu marido para que lle regalara o solar onde a construíu. Máis tarde o mesmo Fernán Pérez solicitou permiso para construír outra igrexa, con freiría anexionada, moi preto de Santa María. Tamén dona Mariña recomendou ó seu marido que doara os terreos solicitados.

Pero Brigo quería ter unha igrexa ó carón do seu Pazo. Entón promoveu a construción da de Santiago, radicada nun campón que había entre os Pazos do rei -hoxe do Concello-, Lanzós e Bendaña, apoiándose na Torre do Reloxo.

Estas tres igrexas son verdadeiras xoias, pero ó mesmo tempo serven de estoxos para gardaren outras xoias dentro: Santa María ten un retablo tan extraordinario que Erik o Vermello, gran entendedor de arte, e, ó mesmo tempo, o ladron máis famoso do mundo roubou del tres paneis que, felizmente, foron recuperados.

San Francisco ten un mausoleo de pedra que Fernán Pérez de Andrade mandou facer para que nel o enterraran e que, segundo os entendidos, é o máis fermoso e importante de todos cantos hai nas Españas, feitos en granito.

A de Santiago ten unha capela coñecida pola do Arcediano, cun retablo que se lle atribúe a Cornelio de Holanda. As columnas centrais da igrexa están inclinadas de tanto aguantar do ceo, que ven caer xusto enriba dela.

Vostedes pensarán: Nunha cidade que nos presenta tan importante, ¿Non hai máis que tres igrexas. Si que hai:

A da Nosa Señora do Camiño Inglés a Compostela. A das Agustinas, con Convento incorporado. A da Angustia. A de San Domingos, que tiña tamén convento, conservando unha torre, dende onde se bota ó espacio infinito o globo de papel máis grande do mundo. E non esaxero.

Vostedes coidarán que en Betanzos non hai máis que igrexas... Pois hai moitas cousas máis, entre elas este edificio no que nos atopamos. Foi construído para albergar o Arquivo do Reino de Galicia, nos tempos de Carlos III, pero xamais tivo ese destino. Os coruñeses dixerón que Betanzos era moi húmedo e levárono (o Arquivo, non o edificio) para a súa cidade.

* * *

Por dicir: ¡VIVA SAN ROQUE!
prenderon a meu irmán.
Agora que o ceibaron,
¡VIVA SAN ROQUE I-O CAN!

Así é que en Betanzos tamén se celebran festas -¡e que festas!-. As principais son as adicadas a San Roque, xa que liberou a Betanzos dunha peste que, se non é por el, acaba co pobo. O día dezaseis de agosto é cando se lanza ó espacio o globo de que antes falei e outro dos números fortes son OS CANEIROS, dos que xa falaremos se temos tempo.

Pero non son esas as únicas festas que eiquí se celebran, xa que cada parroquia ten a súa. Moitas deixaron de celebrarse como a da Cruz Verde, chamada a FESTA DO CANDIL, xa que ese barrio foi o derradeiro en dispoñer de luz eléctrica, e entón tiñan que alumala festa con fachos ou candís.

Pero hai catro moi especiais: dúas de recente creación: A FESTA DO VIÑO e A FEIRA MEDIEVAL. E as outras dúas son OS CANEIROS e OS ALBOROTADOS.

Dos CANEIROS sabe case todo o mundo que é unha xira polo río do Mandeo ata un campón con arboredo, onde se troulea, se come e se bebe. Vóltase de noite polo río, coas lanchas iluminadas polas luces e máis polo viño, ceando con calma, ata chegar a Betanzos. ¡NOVONEIRA, que poema fixeches desta festa!

OS ALBOROTADOS faina a xente que volta da romaría do SAN COSME, que se celebra nun descampado, en Mántaras, e de noite baixan a Betanzos, para troulear e beber viño mosto, que os fai andar lixeiros de ventre e de pernas. Despois de pasa-lo día na Ponte Vella á madrugada seguinte van á Romaría de Pastoriza, en Arteixo.

* * *

E xa para terminar voules falar doutra festa moi celebrada nalgún tempo, pero que se foi perdendo: A DA MAGDALENA:

A súa celebración facíase o luns de Pascua, no barrio chamado da Magdalena, extramuros de Betanzos e non ten nada que ver coa celebración desa Santa, que é o vintedous de xullo. Pero o porqué atopeino nun marabilloso libro de Manuel Fernández Alvarez, Profesor Emérito da Universidade de Salamanca, que se titula: CASADAS, MONJAS, RAMERAS Y BRUJAS, no que explica que na época do renacemento, nas cidades importantes, como Salamanca (Betanzos tamén o era), había MANCEBIAS (dí o diccionario: «casas públicas de mujeres de vida airada»). Estas mancebías tiñan por pechar durante a Coresma, ou sexa, do mércores de Cinza ó Domingo de Pascua, ambos inclusive. E para que non houbera descoidos, esixían ás pupilas que saíran da cidade e permaneceran en lugares onde houbera obstáculos naturais para chegar a eles, tais coma os ríos. E así o podemos ler en libros como LA CELESTINA, GUZMAN DE ALFARACHE, LAZARILLO DE TORMES, e outros, que as mandaban á outra ourela do río Tormes, en Salamanca e, en Betanzos á marxe esquerda do Mendo, ou sexa ó barrio da Madalena, onde estaban tamén, a perpetuidade, os lazarados.

Elas facían o luns de Pascua, antes re regresar á mancebía, unha misa á súa Patrona e, pola tarde, unha merenda a base de figos pasos e cacauetes, voltando á noite ós seus aposentos.

E colorín, colorado,
este conto está acabado.

